

eu RAZO BALDAIO

Coñecer
para valorar

*Flora e
fauna das
contornas
dunares*



www.carballo.gal/euqueroRB

Flora e fauna das contornas dunares



O título xenérico desta actividade agocha un simple obxectivo: procurar un achegamento a dúas comunidades de seres vivos, que conforman non só a fisionomía e o aspecto do propio ecosistema, senón tamén o sustento dos animais vertebrados, que adoitan ser os máis visibles e valorados nesta paraxe marítimo-terrestre que compón a praia, a lagoa e a marisma de Baldaio.

A ligazón permanente entre as características físico-químicas da praia e dunas, e a flora e fauna que sustentan, atópase sempre condicionada por numerosos factores: o vento, o aerosol salino que chega dende o mar, a area (neste caso con abundancia de cunchas), as mareas e os temporais, a sequeidade do solo (provocada pola rápida infiltración da auga) ou a insolación, entre outras. Así, o ambiente tórnase duro para a vida, seleccionando de forma precisa adaptacións morfolóxicas, fisiolóxicas, dos ciclos vitais, e mesmo de comportamento nas especies. En consecuencia, e aínda que non semelle a realidade para os nosos ollos, só unha pequena escolma de especies vexetais e de animais invertebrados son quen de sobrevivir neste rudo ecosistema.



A xornada permitirá, entre outras cuestións, aprender a recoñecer estas adaptacións, pero tamén a poñer en valor a ligazón entre as especies, pois os invertebrados son, en moitos casos, completamente dependentes das diferentes plantas que os sustentan, ou de hábitats concretos. Nuns casos, esta dependencia será determinista e específica (se non

está a planta, non estará o insecto que depende dela), e noutros virá ligada á presenza destes hábitats, nos que calquera cambio poderá provocar a súa desaparición (como acontece en moitas especies de coleópteros, dependentes das madeiras e algas de arribazón).

Neste sentido, o ecosistema dunar, aínda que formado por especies que loitan con tesón pola súa supervivencia, pódese considerar un ecosistema fráxil, no sentido de que una forte intervención humana que provoque a súa perturbación, poder ter como consecuencia a desaparición ou rarefacción das plantas e animais que o compoñen. Este feito pódese exemplificar coa progresiva diminución da *Nebria* das praias (*Eurynebricomplanata*) ao longo das costas de Europa, provocada en gran medida pola urbanización do litoral.



Así mesmo, cabe destacar a relación e parecido entre os ecosistemas dunares costeiros da costa atlántica europea (e incluso a mediterránea), nos que o elenco de especies de flora e de fauna son similares (seleccionadas no mesmo continente e polos mesmos factores ecolóxicos, baixo unhas condicións costeiras de temperatura e humidade semellantes), e ao mesmo tempo ensalzar a singularidade de Baldaio, marcada por un conxunto de endemismos ibéricos e especies propias que, xunto con aquelas outras de ampla distribución, fan da flora e fauna invertebrada desta contorna, e do medio físico que as soporta, unha xoia dentro dos ecosistemas dunares costeiros peninsulares, único no seu tipo, onde a influencia mediterránea e atlántica se tocan.



Todos debemos colaborar a prol da conservación deste espazo natural. Veciños ou visitantes, coñecedores ou non da súa riqueza, en tanto en canto todos somos beneficiarios duns valores ambientais, biolóxicos e paisaxísticos, que compre legar ás vindeiras xeracións no mellor estado posible. E como non se pode repectar aquilo que non se coñece, convidámosche a visitar Baldaio! Por suposto, con sentidiño. E se tes tempo, presta atención a cada detalle: aquel insecto, esta planta, as raiceiras que asoman entre a area, a araña que se camufla no chan, as follas do feo mariño peiteadas pola brisa do mar, ou o escaraballo que, recién descuberto, percorre rapidamente a praia nun instante... E que aínda non coñeces aos habitantes das dunas? Pois achégate connosco, que iso arranxámolo enseguida.

Contidos:

Grupo
Naturalista
Hábitat

Edita:

Concello
de Carballo